

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 31 DE XANEIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA**

- Proxecto de Lei da galeguidade.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica OU-193 denominada OU-801 Valongo-Trado desde o pq 4 + 660 ata o pq 7 + 860, a prol do Concello de Pontedeva.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que nomea a Sol María Vázquez Abeal directora xeral de Comercio.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón que cese José Manuel Rey Pichel como director xeral do Patrimonio Cultural.
- Decreto polo que se nomea a María del Carmen Martínez Ínsua directora xeral do Patrimonio Cultural.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a entidade pública empresarial Red.es e a Xunta de Galicia, para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na Administración de xustiza, cun importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial "Ramal MOP = 16 Bar Salceda de Caselas-Salvaterra de Miño", nos concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño (Pontevedra) como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a formación en lingua galega e linguas estranxeiras na EGAP.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe da Comisión Técnica de Seguimento para a constitución da Corporación RTVG.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a selección da Cidade da Cultura de Galicia como sede da Feira Womex ano 2014 (2012-023-ATIP-EXT).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o Plan de inspección de servizos sociais 2013 e avaliación dos resultados do Plan de avaliación 2012.

O PROXECTO DE LEI DE GALEGUIDADE PRESERVA O PATRIMONIO, DÁ PULO Á MULLER E Á MOCIDADE E CONSOLIDA A ASISTENCIA SOCIOSANITARIA NAS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

- ***Asemade, o proxecto recoñece a necesidade de aproveitar as comunidades no exterior para axudar á proxección económica de Galicia***
- ***O fomento da unión entre entidades, que recolle o texto, persegue a mellora dos servizos que prestan as entidades e a eficiencia no investimento dos recursos***
- ***O texto lexislativo substitúe o de 1983, pioneiro no seu momento na lexislación nacional***

O Goberno galego ven de dar o seu visto e praxe ao anteproxecto da nova Lei de Galeguidade, que substituiría a vixente desde 1983, e que foi pioneira na súa materia en toda España. Nesa reforma traballou arreo a Secretaría Xeral da Emigración desde hai máis dun ano, e no X Consello das Comunidades Galegas contou co masivo apoio dos centros e casas de Galicia, con recoñecemento de galeguidade, de todo o mundo.

Entre os eixos da nova lei, cabe destacar a incorporación ao seu articulado da importancia das comunidades galegas no exterior como axuda á proxección económica de Galicia. Tamén cómpre salientar, como outro dos aspectos clave do novo texto legal, a preservación do patrimonio material e inmaterial das entidades galegas.

Faise fincapé asemade na conveniente unión daqueles centros que están a esmorecer paseniño. Para o Executivo galego, os centros na diáspora deben unirse para poder seguir garantindo as súas prestacións, sobre todo as socioasistenciais e sanitarias, que son as máis relevantes para os galegos da diáspora e tamén para as entidades galegas no exterior. Neste senso, o fomento da unión entre entidades, que recolle o texto, persegue a mellora dos servizos que prestan as entidades e a eficiencia no investimento dos recursos.

O texto reflicte e fomenta o papel histórico e de presente das mulleres na emigración galega, e a necesidade da súa participación plena no ámbito da galeguidade.

Igualmente, fai un recoñecemento das mozas e dos mozos, garantes da permanencia da chama da galeguidade en moitos lugares do planeta e necesarios para a renovación xeracional.

Plásmanse, ademais, no proxecto as novas posibilidades de relación que abren as novas tecnoloxías entre a Xunta e os seus administrados, vivan estes onde vivan.

Agora que o Consello da Xunta xa deu luz verde, o texto do proxecto será remitido ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación nos primeiros compases deste período legislativo.

A XUNTA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE PONTEDEVA UN TREITO DE 3 QUILÓMETROS DA ESTRADA OU-193 (VALONGO-TRADO)

- ***O treito transferido serve como vía de comunicación para o núcleo urbano de Trado coa rede autonómica de estradas***
- ***O concello de Pontedeва deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización de entrega***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada OU-193 (OU-801-Valongo-Trado-OU-801) a prol do Concello de Pontedeва.

A solicitude do cambio de titularidade, realizada polo Concello de Pontedeва, inclúe toda a estrada ao seu paso polo concello entre os puntos quilométricos 4 + 660 e 7 + 860 e alcanza unha lonxitude de 3.200 metros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considerou axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que o treito transferido serve de comunicación para o núcleo de Trado –que pertence ao concello de Pontedeва- coa rede autonómica de estradas, adquirindo así características plenamente urbanas.

O concello de Pontedeва deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización de entrega, que se formalizará no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994 do 14 de setembro de 1994, de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto, o Concello de Pontedeва deberá incorporar ao seu Plan de estradas o tramo da autonómica OU-193 (Valongo-Trado) entre os puntos quilométricos 4 + 660 e 7 + 860.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECTORA XERAL DE COMERCIO

Sol María Vázquez Abeal

Nada en 1976, Sol María Vázquez Abeal é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e máster en Dirección e Xestión de Comercio Exterior pola mesma institución académica. En 2005 accedeu como funcionaria de carreira ao Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado e, no mesmo ano, pasou a formar parte, tamén como funcionaria de carreira, do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.

Desde abril de 2006 a xullo de 2009 exerceu como xefa de servizo de ordenación na Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria, e, desde esa data ata a actualidade, ocupou o posto de subdirectora xeral de Comercio.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECTORA XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

M^a Carmen Martínez Insua

Licenciada en Dereito e funcionaria dos corpos Superior da Administración da Xunta de Galicia e de Xestión da Xunta de Galicia, dende o ano 1993. Ademais é titulada no curso superior de Dereito Público.

Comezou a súa carreira administrativa na Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS como asesora técnico xurídico, e posteriormente desempeñou diversos cargos na Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

No ano 1996 pasou a prestar servizo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, primeiro nos departamentos de persoal e promoción estudiantil e logo nas xefaturas de servizo de programación, contratación e equipamento.

Tamén ostentou responsabilidades de apoio técnico e administrativo na Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia da Consellería de Facenda.

Desde o ano 2009 ata a actualidade, desempeñou o posto de subdirectora xeral de construcións e equipamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

GALICIA SERÁ A PRIMEIRA COMUNIDADE EN COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN TECNOLÓXICO ESTATAL PARA A MODERNIZACIÓN DA XUSTIZA

- *A Xunta asinará un convenio cos ministerios de Xustiza e Industria, Enerxía e Turismo e Red.es para investir 5 millóns de euros en iniciativas TIC no eido xudicial que se porán á disposición doutras comunidades autónomas*
- *O acordo permitirá desenvolver as actuacións precisas para a implantación do expediente xudicial electrónico, incrementar a tramitación telemática, adaptar os sistemas informáticos ás necesidades específicas de Galicia e garantir a cooficialidade lingüística*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a entidade pública Red.es para o desenvolvemento de iniciativas TIC no eido xudicial que se porán a disposición doutras comunidades autónomas

A sinatura do acordo permitirá achegar un máximo de 5 millóns de euros ata o 2015 para complementar as actuacións que está a desenvolver a Xunta no marco do Plan Senda para modernizar a xustiza a través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación. Do importe total a Administración autonómica achegará un máximo de 1.000.000 de euros a través da Amtega e o resto do importe, 4.000.000 de euros, serán financiados pola entidade pública Red.es.

Primeira comunidade en colaborar co Plan tecnolóxico estatal

Grazas a este acordo Galicia convértese na primeira comunidade en colaborar co Estado no desenvolvemento do Plan tecnolóxico estatal para a modernización da xustiza. Esta colaboración será xestionada por un grupo de traballo interdisciplinar, integrado por representantes de todas as partes asinantes, que desenvolverá un plan de proxectos en que se definirán as actuacións que se deben realizar.

Estas medidas irán encamiñadas a complementar o desenvolvemento e a implantación do expediente xudicial electrónico, a incrementar a tramitación telemática para axilizar a xestión dos procedementos xudiciais para mellorar o acceso dos cidadáns á xustiza así como á adaptación dos sistemas informáticos ás necesidades específicas de Galicia e a garantir a cooficialidade lingüística

Estas medidas realizaranse garantindo a compatibilidade dos software desenvolvidos para facilitar a interoperabilidade de sistemas e aplicacións así como a súa reutilización por parte doutras comunidades autónomas. A compartición de recursos, sistemas e

infraestruturas entre administracións permite reducir custos, evitando a duplicidade de investimentos.

Plan Senda

O acordo, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, permitirá implementar as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para avanzar na modernización da xustiza recollidas no Plan Senda 2014, que ten como obxectivo modernizar a xustiza grazas a unha integración efectiva das TIC no eido xudicial galego. Esta folla de ruta para modernizar a xustiza contou cun investimento no período 2009-2012, de 13,7 millóns de euros cos cales se renovaron infraestrutura, equipamento e se completou a implantación e consolidación de diferentes sistemas de información nos órganos xudiciais galegos.

A XUNTA ESTENDE A REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL AOS CONCELLOS DE SALCEDA DE CASELAS E SALVATERRA DE MIÑO

- ***O novo ramal dará cobertura a máis de 12.000 habitantes dos dous núcleos de poboación e achegará tamén o gas natural ás empresas situadas na Plisan e no polígono industrial de Chan da Ponte***
- ***A infraestrutura terá unha extensión de máis de 17 quilómetros e mobilizará un investimento de 3,7 millóns de euros***
- ***Esta actuación encádrase no marco de planificación enerxética do Goberno galego para a creación dunha rede de transporte e distribución que mellore a calidade de vida dos cidadáns e a competitividade empresarial***

O Consello da Xunta vén de declarar a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para a construción dun ramal que permitirá subministrar gas natural aos termos municipais de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. O gasoduto conectará coas redes de distribución dos dous concellos, xa construídas, permitindo o acceso ao gas a máis de 12.000 habitantes, 7.300 no núcleo urbano de Salceda de Caselas e 4.700 en Salvaterra de Miño.

Así mesmo, o ramal permitirá canalizar o gas natural ás empresas situadas no Parque Loxístico Intermodal Salvaterra – As Neves (Plisan) e no polígono industrial de Chan da Ponte en Salvaterra do Miño, contribuíndo á mellora da súa competitividade.

Esta infraestrutura, promovida por Gas Galicia, terá unha lonxitude superior aos 17 quilómetros, dos cales 8,1 quilómetros facilitarán o enganche do gasoduto coa rede de distribución de Salceda de Caselas, e 9,2 quilómetros darán cobertura á rede de Salvaterra de Miño. En total, o desenvolvemento desta actuación suporá unha mobilización de 3,7 millóns de euros.

Deste xeito, o Goberno galego continúa co desenvolvemento dunha política enerxética en que a gasificación da Comunidade se considera prioritaria para avanzar na mellora da calidade de vida da cidadanía e no incremento da competitividade do tecido empresarial galego.

Neste sentido, e no marco da súa planificación enerxética, a Xunta traballa na creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que facilitou, desde o ano 2009, unha mobilización de 90 millóns de euros para potenciar investimentos que incrementen a penetración de gas natural na Comunidade. Grazas a isto, Galicia conta nestes momentos cunha rede de distribución que supera os 2.500 quilómetros.

Deste xeito, 63 municipios, máis do 64% da poboación galega, teñen xa acceso ao gas natural, o que supón máis de 230.000 vivendas con subministración, preto de 24.000 vivendas máis que en 2009. Neste eido, o obxectivo do Goberno galego para os

vindeiros anos é incrementar esta cifra dando acceso ao gas natural ao 75% da poboación de Galicia.

A EGAP REFORZA A FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA E LINGUAS ESTRANXEIRAS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

- ***Incrementa un 25,64 por cento os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galega***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre a formación en lingua galega e linguas estranxeiras da Escola Galega de Administración Pública para este ano 2013, en que se continuará reforzando a formación en lingua galega e linguas estranxeiras dos empregados públicos da Administración autonómica, local e de xustiza.

A Escola manterá a oferta en lingua galega para o persoal da Administración autonómica con 33 edicións dos cursos de linguaxe administrativa galega, que suporán 990 prazas e 2475 horas, e para o da Administración local con 7 edicións, que suporán 210 prazas e 525 horas de formación-. Ademais, no caso da Administración de xustiza realizaranse dúas convocatorias que sumarán 9 edicións, 270 prazas e 775 horas. Resultará así un incremento dun 25,64 por cento nas horas lectivas con respecto ao ano anterior.

Tamén no referente á lingua galega, cómpre destacar para o ano 2013 a inclusión de novos títulos formativos enfocados a mellorar as destrezas lingüísticas do alumnado. Estas actividades sumarán 15 edicións, 348 horas e 455 prazas. Ademais, a Escola incluírá no programa formativo deste ano novos cursos de lingua galega, coma "A calidade da redacción administrativa: técnicas para melloralas", "Manual do estilo do DOG e outras publicacións institucionais", ou "Comunicación escrita e elaboración de informes", entre outros.

Lingua inglesa, portuguesa e francesa

A Escola seguirá impulsando tamén o ensino de linguas estranxeiras, especialmente da inglesa, coa convocatoria dun total de 34 edicións que suporán 1140 prazas e 2700 horas, das cales 200 prazas e 600 horas serán para lingua francesa; e 100 prazas e 300 horas serán para lingua portuguesa. Todas estas linguas teñen unha gran relevancia no contexto global actual, pero en especial o inglés, motivo polo cal a Escola apostou por esta lingua a partir do ano 2010 cun importante incremento de prazas, pasando das 160 convocadas en 2009 ás 840 de 2013.

Desde o ano 2009, a Escola apostou polo ensino de linguas estranxeiras, aumentando tanto as prazas coma as linguas, ademais de ampliar tamén as prazas na modalidade en liña, o que facilita que un maior número de persoas poidan acceder á formación, fai posible a conciliación da vida familiar e laboral, diminúe as barreiras xeográficas e logra un mellor aproveitamento dos recursos públicos. Deste xeito, a EGAP permite o acceso a unha formación básica e necesaria a todas aquelas persoas que teñen dificultades para realizar ensinanzas presenciais e facilita a conciliación.

O informe destaca que no ano 2010, a EGAP iniciou un programa formativo en linguas estranxeiras creando un itinerario que ten como base o marco común europeo de referencia para as linguas, un estándar internacional que ten coma finalidade medir o nivel de comprensión oral e escrita dun idioma, e que os alumnos adquiran as capacidades necesarias para poder obter outros certificados coma son o TOELF, DELF, ou IELTS entre outros.

A XUNTA PREVÉ APROBAR ANTES DE COMEZAR O SEGUNDO SEMESTRE A CONSTITUCIÓN DA FUTURA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

- ***Esta corporación integrará nun só os actuais tres entes que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia***
- ***O Executivo autonómico encomendoulle á CRTVG que solicite o asesoramento técnico para que esta operación se realice da maneira máis eficiente***

A Xunta ten previsto aprobar antes de comezar o segundo semestre a constitución da futura Corporación Radio e Televisión de Galicia (RTVG), que unificará nun só os actuais tres entes que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia. Neste momento existen o ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, a Radiotelevisión de Galicia S.A. e a Televisión de Galicia S.A.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, a partir das conclusións da Comisión Técnica de Seguimento para a constitución da Corporación RTVG, organismo encargado de levar a cabo todas as actuacións necesarias para esta integración.

Ademais, esta comisión, que xa analizou en varias reunións a situación actual dos tres entes, tamén encargou á CRTVG que solicite o asesoramento técnico necesario para que a operación de transición á Corporación RTVG se realice dentro das posibilidades que ofrece o ordenamento xurídico, do xeito máis eficiente para os intereses públicos.

Esta comisión técnica traballa igualmente na preparación da documentación precisa exixida para que o Consello da Xunta poida autorizar antes de comezar o segundo semestre do ano este acordo de constitución da futura Corporación RTVG.

Así, estanse a desenvolver os estatutos da futura corporación e a súa memoria, que deberá precisar os obxectivos e fins perseguidos coa súa constitución, o tipo de entidade e a súa xustificación, consecuencias organizativas e a garantía da viabilidade económico-financeira, logo de informe da Consellería de Facenda.

Tamén terá que contar cun plan plurianual de actuación que inclúa un plan estratéxico para a posta en funcionamento e o inicio efectivo da realización das actividades que lle vaian ser encomendadas á Corporación RTVG; un plan económico-financeiro coa previsión de recursos materiais e orzamentarios necesarios para a súa posta en funcionamento, igualmente un informe previo de Facenda; así como a estimación dos recursos humanos necesarios.

Desta forma, o Goberno galego aprobará esta constitución, de acordo co recollido no artigo da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que fixa no seu punto primeiro que o Consello da Xunta deberá autorizar a constitución das sociedades mercantís autonómicas, por proposta da consellería competente en materia de Facenda logo da iniciativa da consellería ou entidade interesada, conforme o disposto na lexislación mercantil que resulte de aplicación.

A ORGANIZACIÓN DA WOMEX 2014 NA CIDADE DA CULTURA PERMITIRÁ OBTER UN RETORNO NA ECONOMÍA GALEGA DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- ***A WOMEX 2014, a principal feira de 'world music' do panorama internacional, celebrarase do 22 ao 26 de outubro do vindeiro ano na Cidade da Cultura e en diferentes espazos de Santiago***
- ***Este evento atraerá máis de 2.500 profesionais do ámbito cultural e arredor de 300 artistas. Instalaranse 250 postos, haberá varios escenarios con actuacións en vivo e realizaranse diversas conferencias, exhibicións e coloquios***
- ***A realización desta feira contribuirá á internacionalización da cultura galega e dará un importante impulso ás nosas industrias culturais***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informou hoxe o Consello da Xunta dos detalles da organización da WOMEX 2014, a principal feira de *world music* do panorama internacional, que se celebrará do 22 ao 26 de outubro do vindeiro ano na Cidade da Cultura de Galicia e en diferentes espazos de Santiago de Compostela. Está previsto que este evento atraia máis de 2.500 profesionais acreditados (principalmente programadores culturais) e máis de 300 artistas. A feira estará integrada por máis de 250 postos, haberá varios escenarios con actuacións en vivo e realizaranse diversas conferencias, exhibicións e coloquios. Segundo as previsións da Consellería, a realización da WOMEX permitirá obter un retorno na economía local de 2 millóns de euros.

A elección da Cidade da Cultura de Galicia para acoller unha das feiras de industrias culturais máis potentes do panorama internacional supón un aval a esta nova infraestrutura no seu compromiso de converterse nunha ferramenta para dinamizar e internacionalizar o tecido cultural galego, unha das prioridades sinaladas no Plan Gaiás. Asemade, a importante repercusión deste evento suporá un fortalecemento de Santiago de Compostela e do Gaiás como polos de atracción turística, afianzándose como una referencia do turismo profesional e contribuíndo a manter os niveis de visitantes fóra da temporada alta.

Repercusión

A celebración do WOMEX en Santiago de Compostela permitirá un importante posicionamento de Galicia e da Cidade da Cultura no mundo, a través dun acontecemento único, de prestixio recoñecido a nivel mundial, como o demostra o feito de que para a organización no ano 2014 houbo 21 solicitudes de diferentes cidades, entre as cales figuraban Madrid e Valencia. A Xunta, tendo en conta as repercusións deste evento nas anteriores dezoito edicións, está convencida de que a realización desta feira en Galicia impulsará a imaxe exterior e a internacionalización da cultura galega, así como contribuirá a dinamizar as nosas industrias culturais.

A Consellería de Cultura e Educación -a través de AGADIC e da Fundación Cidade da Cultura de Galicia- foi quen promoveu esta candidatura. Desde o ano 2010 en que se realizou a presentación da precandidatura e se manifestou o interese de ser sede de WOMEX, a Xunta de Galicia levou a cabo diversas xestións e contactos directos coa empresa organizadora da feira. Os responsables da feira realizaron dúas visitas a Compostela nas cales se comprobaron a idoneidade da Cidade da Cultura e dos espazos propostos para os concertos na cidade de Santiago.

Desenvolvemento da feira

Esta feira é un acontecemento internacional único dentro das denominadas *world music*, unha feira comercial en que participan entidades, empresas de primeira liña deste ámbito musical e recoñecidos artistas. WOMEX elixiu para a celebración da feira comercial as instalacións da Cidade da Cultura, onde terá lugar o que se denomina *WOMEX Day*, sendo o evento principal a feira profesional *WOMEX trade fair*, un conxunto de máis de 250 postos da industria musical mundial que se instalará no Museo Centro Gaiás. Asemade, o complexo do Gaiás tamén albergará conferencias, exhibicións, coloquios e encontros profesionais.

A outra parte do evento é a denominada *WOMEX Night*, que terán lugar en prazas e locais da capital galega. Diferentes escenarios situados en distintas salas e espazos públicos da cidade de Santiago de Compostela albergarán os *day showcases*, concertos de formacións musicais de todos os estilos e de diferentes partes do mundo.

WOMEX en cifras

Ao longo da súas 18 edicións, WOMEX ten medrado ata converterse no primeiro mercado profesional para a *world music*. Apodado "o Cannes da musica mundial", na súa última edición celebrada en Thessalonika (Grecia), esta feira congregou 2.200 delegados de 90 países diferentes, entre os que se atopan 570 directores e 310 produtores musicais, 600 compañías de 40 países instaladas en 245 postos, 61 actuacións en directo, 70 conferenciantes, e 350 artistas. Ademais, esta última edición estivo cuberta por 330 xornalistas nacionais e internacionais que se ocuparon da repercusión mediática a nivel mundial.

Desde o ano 1994, WOMEX tense celebrado en cidades como Berlín, Bruxelas, Marsella, Estocolmo, Rotterdam, Essen, Newscatle ou Copenhague. Santiago será a segunda cidade española en acoller esta feira, xunto con Sevilla.

A INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PREVÉ REALIZAR 1900 ACTUACIÓNS DURANTE O ANO 2013 CO OBXECTIVO DE GARANTIR OS DEREITOS DOS USUARIOS

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o Plan de inspección para 2013, así como os resultados das actuacións levadas a cabo durante 2012*
- *Garántese a inspección do 100 por cento dos servizos de carácter residencial de maiores, de discapacidade, inclusión, igualdade e menores; así como doutros centros como os puntos de encontro familiar*
- *Incorpóranse como novidade as accións dirixidas á fiscalización dos contratos e convenios con entidades prestadoras de servizos sociais*
- *En 2012 realizáronse un total de 1.892 visitas, un 16 por cento máis das previstas inicialmente no plan anual*

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Inspección de Servizos Sociais, prevé realizar en 2013 un mínimo de 1.900 visitas a entidades, centros e programas que desenvolven o seu traballo nesta área. O principal obxectivo destes controis é velar polos dereitos das persoas usuarias destes servizos e programas.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao Plan de inspección para 2013, e coñeceu os resultados das actuacións levadas a cabo neste sentido durante o 2012. A función da inspección de servizos sociais é verificar o cumprimento da normativa aplicable, velando pola correcta atención da cidadanía e procurando a mellora continua da calidade destes programas e instalacións.

A planificación para este ano continúa na liña de anos anteriores, primando o dereito das persoas usuarios e reforzando neste exercicio a liña de asesoramento ás entidades prestadoras para o incremento da calidade na súa atención.

En 2013 garántese a inspección do 100 por cento dos servizos de carácter residencial de maiores, de discapacidade, inclusión e menores, e doutros centros e programas como os puntos de encontro familiar ou o programa de adopción internacional, executado en colaboración con entidades acreditadas de carácter privado.

Como novidade, este ano incorpóranse novas liñas de acción dirixidas á fiscalización dos contratos e convenios realizados pola Consellería de Traballo e Benestar con entidades que prestan servizos sociais.

Este ano seguirase incidindo tamén na formación e capacitación do persoal inspector, a través da realización da terceira edición do curso especializado dirixido a este colectivo de profesionais. Terá unha duración de 120 horas e chegará a 40 alumnos. Esta acción formativa está dirixida para persoal da administración que queira acceder aos postos de inspección. A especialización e formación do persoal inspector estase realizando a

través da súa participación en xornadas e cursos especializados organizados pola EGAP e outras institucións públicas e privadas.

En canto a áreas concretas, ademais das xa citadas onde se realizará unha inspección do 100 por cento, destaca o reforzamento dos controis nos servizos de axuda no fogar a través de visitas tanto ás propias entidades como nos domicilios usuarios deste programa nas catro provincias.

Cabe lembrar que esta planificación se conxuga con outras actuacións prioritarias, que poden ser fixadas pola Consellería ben por necesidades sobrevidas ou por carácter de urxencia derivadas da tramitación de queixas presentadas polas persoas usuarias, que as poden presentar directamente ao servizo de Inspección.

Avaliación de 2012

No Consello da Xunta tamén se presentou a avaliación de resultados das actuacións da inspección durante o ano 2012. En concreto, realizaron un total de 1.892 visitas, o que supón superar nun 16 por cento os controis programados inicialmente para ese mesmo ano, que estaba fixado en 1.627.

A Inspección de servizos sociais reforzouse ao longo da última lexislatura. De feito, desde 2008, e comparando cos datos de 2012, o número de inspeccións realizadas durante o ano incrementouse case nun 50 por cento

Xa no que se refire propiamente ás actividades realizadas durante 2012 cabe destacar, entre outras actuacións, que se actualizou o Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), e que se reforzou o asesoramento ás entidades e persoas particulares para a posta en marcha de novos servizos ou modificación dos existentes. Tamén se diversificaron e ampliaron as actividades inspeccionadas. Cabe destacar, por exemplo, as inspeccións domiciliarias para controlar o servizo de axuda no fogar. Todas estas actuacións terán continuidade en 2013.